

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 02 de decembro de 2024 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de outubro de 2024.
- * Aprobación da Normativa e procedemento (Anexos I e V) para a contratación de Profesorado Substituto na Universidade de Vigo.
- * Aprobación dunha modificación na Normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e ás categorías de profesorado permanente laboral e profesorado axudante doutor na Universidade de Vigo.
- * Aprobación de modificacións na Normativa, Procedemento, e Efectos da Avaliación da Actividade Docente.
- * Aprobación da aclaración das empresas creadas ou participadas pola Universidade de Vigo nas que o persoal docente poderá prestar servizos a tempo parcial.
- * Aprobación da extinción do Máster Universitario en Industria 4.0.
- * Aprobación parcial da tramitación das modificacións non substanciais das titulacións de grao, máster e programas de doutoramento para a súa adaptación ao RD 822/2021.
- * Aprobación da declaración de interese de verificación/modificación de títulos de grao, máster e programas de doutoramento 2026/27.
- * Aprobación do Regulamento de Réxime Interno do Instituto Universitario de Investigación Xustiza e Xénero da Universidade de Vigo.
- * Foi nomeado representante na Comisión delegada de Planificación e Asuntos Económicos, polo sector estudantes:
 - Miguel Angel Piñero Vivas (Facultade de Comercio – Vigo)
- * Foi nomeado representante na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado, polo sector estudantes:
 - Anxo Gesto Gayoso (Escola de Enxeñaría de Telecomunicación - Vigo)
- * Foron nomeados representantes no Comité de Dirección da EIDO, polo sector estudantes:
 - Ámbito Xurídico-Social: Joseba Delgado Parada (Facultade de Educación e Traballo Social - Ourense)
 - Ámbito Científico: Jonathan Castaño Serna S. (Facultade de Ciencias - Ourense)

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.